


## NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS



### A felicidade de aprender Amparo Alonso Betanzos



©xurxolobato 72

Galicia Calidade é un selo recoñecido para os nosos produtos e valorado a nivel nacional e internacional. En Ciencia tamén temos Galicia Calidade, en parte quizais porque algunhas das características que nos definen son as do esforzo, o traballo e a curiosidade, básicas no método científico. Foi esta curiosidade e este interese polo noso contorno os que nos levaron dende tempos remotos por un camiño de continuo e innegable progreso científico e tecnolóxico. Este progreso converteunos na especie intelixente da Terra capaz de adaptar o medio ambiente ás súas necesidades e, deste xeito, convertémonos nos animais dominantes dun ecosistema humano que abarca todo o planeta. A Ciencia axudounos con este logro e agora tamén nos debe axudar a atopar solucións a algúns dos problemas importantes aos que nos enfrontamos, como o cambio climático, a sobreexplotación de recursos, a desertización, etc. Para esta tarefa precisamos científicas e científicos comprometidos, cunha formación continua que, sen dúbida, provén en parte da lectura. Sen unha lectura previa é imposible facer ciencia, porque parte do traballo científico depende de traballos anteriores, para melloralos ou por que non, para desafialos.

Dende pequena apaixonábame a lectura, os libros para min son unha viaxe que che permite entrar nunha historia na que a túa imaxinación tamén xoga un papel. A ciencia tamén é unha aventura, que usa a curiosidade para comprender o mundo, a observación do fenómeno que se explica, a paciencia e a racionalidade para explicalo. Pero, ademais, non esquezamos que unha importante motivación para a investigación é tamén a emoción, o pracer do descubrimento, o orgullo da conquista do coñecemento, a felicidade de aprender. Durante séculos, o coñecemento estivo restrinxido a espazos físicos específicos e a persoas escollidas. Hoxe en día, os nosos científicos non só se dedican á investigación e, a miúdo, á docencia, senón tamén á difusión do seu traballo, en revistas, libros e artigos nos que nos contan, dun xeito máis ou menos accesible segundo o público obxectivo, a súa viaxe científica. E temos a sorte de que esta viaxe se poida facer dende as bibliotecas, que non só acollen libros e outros materiais, senón que tamén acollen descubrimentos e camiños de aprendizaxe, cos éxitos e tamén os fracasos da ciencia e da tecnoloxía, porque cometer erros tamén é aprender.

Poderíamos pensar que as bibliotecas tenderían a desaparecer na era de Internet, pero nada máis lonxe da verdade, xa que se fortaleceron. A tecnoloxía abriu novas canles de acceso á información, constituíndo un punto de contacto, acceso e interacción coas persoas, aberto a todos. As bibliotecas garántennos o acceso libre á información e ó coñecemento no formato que nos interesa. Por outra banda, a ciencia é o pilar do benestar social e económico, o coñecemento xera persoas e sociedades máis libres e críticas e as bibliotecas son, en parte, as gardas dese coñecemento. Que máis necesitamos para gozalas?

**Amparo Alonso Betanzos é enxeñeira química, investigadora en intelixencia artificial, presidenta da Asociación Española de Inteligencia Artificial (AEPIA) e Catedrática de Ciencias da Computación e Inteligencia Artificial da Universidade da Coruña.**

Dep. Legal: C 1840-2021